

ANEXO: Solicitud de participación na convocatoria de recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC 2019

Centro propoñente: Facultade de Ciencias da Comunicación

Denominación da práctica: Protocolo de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do Grao en Comunicación Audiovisual

Datas de desenvolvemento da práctica: Trala recepción do listado de estudantes en risco de abandono enviado pola Área de Calidade, nos 10 días seguintes desenvólvese e obtéñense os resultados da intervención.

Breve descrición da práctica:

1. Obxectivos: Minimizar as taxas de abandono durante o primeiro curso do grao (tanto en Comunicación Audiovisual coma en Xornalismo e Dobre Grao), ao tempo que previr o abandono do alumnado en cursos superiores; todo elo mediante un labor de orientación e reintegración que, á súa vez, pretende repercutir no incremento das taxas de rendemento académico.
2. Fases do protocolo:
 - 2.1. Detección da situación de abandono potencial mediante unha dobre vía: a) Información proporcionada ao longo dos cuatrimestres polos delegados de curso aos coordinadores de curso, sobre o alumnado que mostre evidencias de desleixamento ou desidia con respecto aos estudos. b) Información proporcionada pola Área de Calidade da USC próximo ao remate do curso, sobre evidencias de risco de abandono.
 - 2.2. Activación do protocolo por parte da Comisión Académica e de TFG a instancias do coordinador do grao/dobre grao.
 - 2.3. Contacto co alumnado en risco a través da coordinación do grao afectado, figura que se porá a disposición do alumnado ofrecéndolle orientación, ao tempo que a asistencia do alumnado-titor, quen só intervirá a instancias do alumnado afectado.
 - 2.4. Tralo labor de reorientación, elaboración dun informe sobre o resultado da intervención, de cara a concluír o proceso e a introducir accións de mellora de ser o caso.
 - 2.5. Finalización do protocolo activado e toma de decisións en termos de accións de mellora, todo elo a cargo da Comisión Académica e de TFG.

Prégase brevidade e concisión na descrición da práctica. No caso de precisar máis espazo, pode agrandar os cadros de texto e empregar ata un máximo de 2 páxinas en total.

Breve avaliación da eficacia da práctica:

De cara a realizar a avaliación da eficacia, cinguirémonos á seguinte secuencia temporal:

1. A Taxa de abandono en 1º curso no Grao en Comunicación Audiovisual foi de **5,26** (2012-13); **7,14** (2013-14); **6,98** (2014-15); **21,95** (2015-16), en resposta a este incremento elaborouse o Protocolo, que sería aprobado en marzo de 2016.
2. Como consecuencia da súa aplicación, a taxa alcanzou mínimos históricos no Grao: **3,85** (2016-17); e aínda, **2,56** (2017-2018), sendo a media da USC para o mesmo período: 16,05.
3. Dado que a Taxa de abandono no Grao en Xornalismo foi en 2017-2018 de 5,62, acordouse en Comisión de Calidade (2018), facer extensivo o protocolo a ambos graos e ao Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual.
4. Así mesmo, a Comisión Académica da Facultade de Bioloxía, dende 2018, ten implantado este mesmo Protocolo, que foi solicitado polo seu Responsable de Calidade ao Coordinador do Grao en Comunicación Audiovisual, para a súa inmediata implementación.